

ADENDA Á CONVOCATORIA “AXUDAS PARA ESTADÍAS 2026” (ampliación de crédito)

Con data 27/01/2026, publícase a convocatoria “AXUDAS PARA ESTADÍAS 2026”, acción prioritaria aprobada polo Comité de Dirección dentro das accións estratéxicas do CITIC para o 2026.

Ao abeiro do previsto na convocatoria, e condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente,

ACÓRDASE

⇒ **Primeiro:** Ampliar o crédito destinado á acción “AXUDAS PARA ESTADÍAS 2026” desde 40.000,00 € ata 76.000,00 €.

⇒ **Segundo:** A ampliación financiarase con cargo á mesma partida orzamentaria recollida na convocatoria (código 0599241020 541A 6490208), mantendo en todo caso a condición de existencia de crédito axeitado e suficiente.

⇒ **Terceiro:** O resto do contido da convocatoria permanece inalterado, incluídos o período de execución, requisitos, compatibilidade con outras axudas, contías máximas por destino, prazos de solicitude, procedemento de resolución e xustificación, e instrucións de publicidade.

⇒ **Cuarto:** A presente adenda publicarase na web do CITIC, no mesmo espazo da convocatoria:
<https://citic.udc.es/intranet/>.

A tal fin, asínase a presente na Coruña na data da sinatura dixital.

Manuel Francisco González Penedo
Director do CITIC.

Centro excelente do Sistema Universitario de Galicia. Membro da Rede CIGUS

Subvencionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e cofinanciado pola UE PO FEDER Galicia 2021-2027. “Unha Europa máis intelixente: transformación económica innovadora e intelixente”

| Código Seguro De Verificación | mLiKiQAE1ESh3+yTZ2OIUg== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo | Asinado | 02/03/2026 18:08:22 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/mLiKiQAE1ESh3%2ByTZ2OIUg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

